

## Contrato coa Empresa Instaladora para a construción dun IRC

### Reunidos

Dunha parte \_\_\_\_\_,  
en diante A Empresa Instaladora con domicilio a efectos deste contrato en  
\_\_\_\_\_ C.I.F. \_\_\_\_\_ e  
no seu nome e representación, D. \_\_\_\_\_

E doutra parte D. \_\_\_\_\_, na  
súa calidade de Propietario  Presidente da Comunidade de Propietarios <sup>①</sup> (sinalar o que proceda)  
do predio sito e \_\_\_\_,  
en diante o Representante do Predio.

Ambas as dúas partes recoñecen ter a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio e con este efecto,

### Expoñen

I.- Que o Representante do Predio está interesado en dotar ao edificio dunha instalación receptora común e autorizoulle á Empresa Instaladora para que a constrúa á súa custa, conservando a súa propiedade e autorizándolle a cederlla a Gas Natural Redes GLP, S.A (en diante A Distribuidora).

II.- Que a Empresa Instaladora está interesada en levar a cabo a construción da instalación receptora común.

III.- Que en virtude do anterior, ambas as dúas partes conveñen en formalizar o presente acordo que se rexerá polas seguintes:

### Cláusulas

**Primeira:** O Representante do Predio autoriza á Empresa Instaladora a construír a instalación receptora común de gas natural (IRC) e recoñece expresamente que a propiedade da mesma será do citado instalador, quen levará a cabo a súa construción sen ningún custo para o Representante do Predio.

<sup>1</sup> Para contratos coa Comunidade de Veciños, o Presidente da Comunidade actúa facultado pola Comunidade de Propietarios mediante o acordo da antedita Comunidade con data \_\_\_\_\_, onde igualmente se facultou á Distribuidora para xestionar os correspondentes contratos cos usuarios que se conectan á mesma nos termos establecidos no R.D. 942/2005 ou normativa que o substitúa.

**Segunda:** A empresa instaladora, en calidade de propietaria, deberá efectuar os servizos de mantemento da antedita IRC.

**Terceira:** O Representante do Predio queda obrigado<sup>2</sup> a:

- a) Non modificar, desmontar nin destruír a devandita instalación receptora común.
- b) Non arrendar nin transmitir por ningún título a devandita instalación.
- c) A notificarlle á Empresa Instaladora, ou ao terceiro ao que lle cedese a titularidade da IRC, calquera incidencia ou actuación que se deba levar a cabo no edificio e que poida afectar á IRC.

No caso de incumprimento destas obrigas, o Representante do Predio deberá responder fronte a empresa instaladora ou no seu caso perante o terceiro ao que lle cedese a titularidade da IRC, consonte o que se establece na cláusula cuarta seguinte, polos danos e perdas que no seu caso se causasen.

**Cuarta:** A Empresa Instaladora queda facultada para ceder a propiedade da instalación receptora a favor da Distribuidora e para notificarlle esta circunstancia ao Representante do Predio.

Neste suposto, a Distribuidora quedará facultada para cobrar un canon consonte o establecido no RD 942/2005 e deberá asumir o axeitado mantemento e conservación da instalación ata que se produza a reversión.

A propiedade da instalación receptora común seralle revertida ao Representante do Predio no prazo máximo de 20 anos, quedando obrigado o Representante do inmovible, a partir dese momento, a asumir o mantemento e as correspondentes revisións da instalación, segundo a seguinte fórmula:

Prezo:  $C \times V \times (20-A) \times 0,67$ ; sendo

C: Número de Usuarios conectados á IRC no momento a compra da IRC, sen que a devandita cifra poida ser inferior ao 40 % das chaves construídas.

V: Valor en euros da cota anual individual que realiza como contra prestación polo uso da instalación, regulada no apartado terceiro, na contía vixente no momento de realizar a compra por parte da Comunidade.

A: anos transcorridos, cun decimal, dende a data de posta en servizo da IRC e como valor máximo 20.

Transcorrido o prazo de 20 anos, producirase a reversión da propiedade de xeito automático e gratuíto, de non producirse antes.

Autorízase a GN Redes GLP a ceder o contrato a unha distribuidora de gas natural no momento que así o decida GN Redes GLP.

E para que así conste, asíñase o presente acordo por duplicado exemplar en

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

\_\_\_\_\_  
A Empresa Instaladora

\_\_\_\_\_  
O Representante do Predio

<sup>2</sup> No caso de Contratos coa Comunidade de Veciños, o Representante do Predio, tamén queda obrigado a incluír, no seu caso, nas escrituras de compravenda de inmovibles, a existencia da IRC e a titularidade da mesma no momento do outorgamento da escritura